

A descuberta do país a través dos textos literarios

ANXO ANGUEIRA

Universidade de Vigo

Resumo

A literatura, polo menos no caso de Galicia, é unha múltiple descuberta sobre a propia nación negada: lingüística, histórica, socio-política... No aspecto xeográfico, a literatura utilizou a paisaxe desde o Rexurdimento (Rosalía de Castro) dun xeito dignificador. Por outro lado, moitos autores asociaron a súa poética literaria a unha paisaxe, a un espazo concreto, tradición xa medieval que chega ós nosos días e que nos continúa descubrindo as múltiples realidades (culturais, políticas, sociais...) de Galicia.

Palabraschave

Literatura galega contemporánea, paisaxe e nación, dignidade nacional, paisaxe fónica, pluralidade paisaxística.

A xeito de primeiras reflexións, a descuberta do país cobra un sentido moi especial, sobre todo, cando este país, o propio, é un país negado. E Galicia foi e é unha nación negada.

A primeira e máis importante descuberta que realiza unha literatura, sexa cal for, pero moi especialmente a das nacións negadas, é a da propia lingua, lingua tamén negada.

Desde o Padre Sarmiento, a literatura galega, coma a de tódalas nacións negadas, subalternas e emerxentes, ademais de ser literatura literatura para proporcionarlle ó campo político un capital simbólico indispensable (Bourdieu 2004), soportou sobre si outras funcións, algunhas delas máis propias doutros campos. Estas funcións podémolas sintetizar nunha: a construción da alegoría nacional (Jameson 1986).

Comezando pola descuberta da propia lingua, a literatura galega, pois, foi tamén descubríndonos a nación, a súa historia e os seus mitos, o seu presente e os seus conflitos, encrucilladas, proxectos, horizontes.

Nesta descuberta a literatura sempre exerceu un papel dignificador dado que, como toda nación colonizada e oprimida, a nación galega, non só era negada, tamén era desprezada e humillada.

Pois ben, unha parte importantísima da descuberta da nación foi a descuberta da propia terra, da paisaxe, do espazo físico. Desde o Padre Sarmiento, desenvolvendo o seu *Coloquio* [1746] na Chan da Parafita, o lugar e os seus nomes, adquiriron na literatura unha importancia extraordinaria.

Pero foi especialmente desde Rosalía de Castro que a paisaxe adquiriu un fondo carácter político a causa do proceso dignificador que non outra cousa foi e continúa a ser hoxe o Rexurdimento. Era a lingua galega para España unha lingua bárbara, era o pobo galego un pobo estúpido e era Galicia, como terra, como paisaxe, un inferno inhabitable. Rosalía pretende esvaecer os «errores que manchan e ofenden inxustamente á súa patria».

Por iso, nese texto fundacional, fundamentador da independencia literaria de Galicia que é o «Prólogo» de *Cantares gallegos*, se di:

Cantos, bágoas, queixas, sospiros, seráns, romerías, paisaxes, devesas, pinares, soidades, ribeiras, costumes, todo aquilo, en fin, que pola súa forma e colorido é dino de ser cantado, todo o que tuvo un eco, unha voz, un runxido por leve que fose, con tal que chegase a conmoerme, todo esto me atrevín a cantar neste homilde libro pra desir

unha vez siquera i anque sea torpemente, ós que sin razón nin coñecemento algún nos desprezan, que a nosa terra é dina de alabanzas, e que a nosa lingua non é aquela que bastardean e champurran torpemente nas máis ilustradísimas provincias cunha risa de mofa que, a desir verdade (por máis que ésta sea dura), demostra a ñorancia máis crasa i a máis imperdoable inxusticia que pode facer unha provincia a outra provincia irmán por probe que ésta sea. Mais he aquí que o máis triste nesta cuestión é a falsedade con que fóra de aquí pintan así ós fillos de Galicia como a Galicia mesma, a quen xeneralmente xuzgan o máis desprezable e feio de España, cando acaso sea o máis hermoso e dino de alabanza (Castro 1998: 66-67).

É a terra, é a paisaxe, aínda máis importante no proceso de dignificación de Galicia que a fala e mailo pobo. Porque para entender este prólogo e todo o libro dos *Cantares* cómpre ter presente a tónica visión española sobre Galicia expresada nomeadamente tamén na súa literatura. Para entender Rosalía de Castro cómpre ter presente, entre outras xoias, aquel soneto de Góngora:

Pálido sol en cielo encapotado,
mozas rollizas de anchos culiseos,
tetos de vacas, pernas de correos,
suelo menos barrido que regado;

campo todo de tojos matizado,
berzas gigantes, nabos filisteos,
gallos del Cairo, búcaros pigmeos,
traje tosco y estilo mal limado;

cuestas que llegan a la ardiente esfera,
pan de Guinea, techos sahumados,
candelas de resina con tericia;

papas de mijo en conchas de madera,
cuevas profundas, ásperos collados,
es lo que llaman Reino de Galicia (Góngora 1978: 274).

E entón vai e Rosalía de Castro «inventa» a paisaxe galega e utilízaa politicamente contra Castela / España. Esa Galicia fea, infernal, inhabitable da que se burla Góngora, pasa a ser un lugar ameno que Rosalía, por verde, húmida, fresca e variada, opón á seca, dura, deserta e monótona Castela, metonimia de España. Isto é moi evidente en «Castellanos de Castilla», poema tamén de *Cantares gallegos*, pero tamén no seu indispensable prólogo:

Lagos, cascadas, torrentes, veigas froridas, valles, montañas, ceos azues e serenos como os de Italia, horizontes nubrados e melancónicos anque sempre hermosos como os tan alabados da Suiza, ribeiras apacibres e sereniñas, cabos tempestuosos que aterran e admiran pola súa xigantesca e xorda cólera.... mares imensos... ¿Que direi mais? Non hai pruma que poida enumerar tanto encanto reunido. A terra cuberta en tódalas estacións de herbiñas e de froes, os montes cheios de pinos, de robres e salgueiros, os lixeiros ventos que pasan, as fontes i os torrentes derramándose fervedores e cristaiños, vran e inverno, xa polos risoños campos xa en profundas e sombrisas hondanadas... Galicia é sempre un xardín donde se respiran aromas puros, frescura e poesía... E a pesar desto chega a tanto a fatuidade dos ñorantes, a tanto a indina preocupación que contra a nosa terra existe, que inda os mesmos que poideron contemprar tanta hermosura (xa non falamos dos que se bulran de nós sin que xamais nos haian visto nin aínda de lonxe, que son os máis), inda os que penetraron en Galicia e gozaron das delicias que ofrece, atrevéronse a decir que Galicia era... ¡¡un cortello inmundo!!... (Castro1998: 67-68).

Penetraron e gozaron de Galicia, velaí a colonización, o imperialismo. E ademais en xénero.

Fica así gravurada no imaxinario galaico unha antítese paisaxística de carácter político. Rosalía edifica un imaxinario que vai pervivir deica os nosos días: a Castela seca, árida, monótona, áspera... fronte a unha Galicia húmida, verde, irrigada por mil ríos e bañada en plácidas ribeiras e tempestuosos mares, unha Galicia diversa, doce, encantadora, *locus amoenus*... O inferno agora é Castela.

E esta antítese paisaxística e política vaise retomar constantemente, como nos demostrou na súa tese María López Sáñez (2008). Faino o nacionalismo europeísta da xeración Nós, faino Otero Pedrayo na súa novelística do primeiro terzo do século XX, moi diafanamente en *Arredor de si* [1930], e faino a esquerda nacionalista dos anos sesenta e setenta e mailo independentismo dos oitenta, faino Méndez Ferrín no seu ciclo narrativo arredor de Tagen Ata, ese espazo imaxinario sometido politicamente a Terra Ancha. Tagen Ata da Grande Fraga, verde, húmida, caducifolia, sometida á árida e poeirenta Terra Ancha.

Por certo, foi a xeración Nós a que practicou unha detida e sistematizada viaxe ó fondo do país, da súa etnografía, da súa historia, da súa realidade cultural. Galicia coma unha nación por coñecer. Quizais o mellor paradigma da xeración nolo ofrezca Otero Pedrayo, co seu *Pelerinaxes I* [1929], camiño a pé pola Galicia interior de Ourense ó popular santuario de Santo André de Teixido.

Pero aínda hai algo máis en Rosalía de Castro e en *Cantares Gallegos*. Algo que xa había tamén nos *Ensaíos poéticos en dialecto berciano* de Fernández Morales [1861] dous anos antes. Rosalía é poeta da súa terra local. Das brañas de Láño e das veigas de Lestrove, das rúas de Padrón ponliña verde, fada branca ó pé dun río, da Adina, das tristes campanas de Herbón, da Ponte e de san Lois, das dornas e mecos de inchadas velas entre o millo correndo soas polo Ulla arriba cara Cesures ou revolteando entre as insuas cara as Torres de Oeste e cara Arousa. Rosalía é poeta da súa Terra de Iria, metonimia de Galicia, inaugurando así todo un fío que continuaron moitísimos poetas e novelistas, como en descubertas interiores e luminosas: o Salnés de Cabanillas, o Courel de Novoneyra, a Terra Cha de Manuel María, a Auria de Blanco Amor e tantos, a Bocarribeira de Otero, etc, etc.

Galicia é, como nos deixou dito Risco [1929] na páxina máis memorable que lle coñezo, un país pequeno en extensión pero inmenso cara adentro, coma unha espiral, inabarcable. Por iso, conservando unha intensa unidade cultural, en terra e en paisaxe, en historia e en arte, non hai unha, hai miles de Galicias que se amosan nos máis diversos substratos do pasado.

E claro, vai Pondal e edifica sobre a paisaxe da gándara bergantiñá un dos escenarios líricos máis grandiosos da nosa literatura, o escenario da liberdade. A paisaxe de Pondal non é doce nin suave, é brava e esgrevia. A de Pondal, ademais de afondar con extraordinaria intuición en certos valores da toponimia, non só é unha paisaxe física. Pondal, como Guimarães Rosa no seu *sertão* [1956], é creador dunha gándara de palabras, dunha paisaxe lingüística singular, dun territorio fónico senlleiro:

Feros corvos de Xallas,
 Que vagantes andás;
 En salvage compañía,
 Sin hoxe nin mañan;
 ¡Quen poidera ser voso compañeiro,
 Pola gandra longal!

Algo de vago e fero,
 Do meu ser no profundo
 Eu levo, coma as brétomas
 Dos curutos escuros;
 E unha ruda e salvage
 Incrinacion dos seres vagamundos.

Algo do rudo vento
 Que azouta o cabo Ougal;
 Do salvaxe miñado,
 Que leva o vento soán;
 E con nobre ufanía,
 O esquivo mato registrando vai!

Algo das vagas brétomas,
 Algo das uces altas,
 Algo dos libres corzos,
 E das feras bandadas
 Dos corvos vagamundos,
 Que se espallan de Xallas polas gandrás (Pondal 1995: 138-139).

E a paisaxe de Pondal tamén é política. Ese escenario de liberdade poboado de castros e dolmens que o bardo asociaba á nación mítica celta ficou para sempre tamén tatuada, co arume arpado dos piñeiros, no noso imaxinario. El, de escuro lóstrego na testa. Porque a dialéctica directa e política de Rosalía entre Galicia – Castela/España convértese con Pondal tamén nunha tensión con toda a forza do mito liberador: paisaxe celta contra paisaxe ibérica, atlantismo contra mediterraneísmo.

Por abreviar e determe nas achegas máis salientábeis, antes de 1936 non debe pasarse por alto a descuberta do propio país que nos fai Manoel Antonio. Na súa reacción contra o paisaxismo ruralista e campesinista, contra o nacionalismo literario da época, que diría González-Millán (1995), o poeta rianxeiro descóbrenos o mar. Pero un mar novo, un alto mar sen ribeiras («Vigo está tan lonxe que se desorientaron as cartas mariñas»), o mar desde o propio mar, un mar de vangarda e independencia, de soidade e monotonía, unha náutica literaria nova, unha nova paisaxe estética. Galicia tamén é mar. E só Bernardino Graña, moitos anos despois, puido redescubrimos esoutra paisaxe viva nas súas palabras. Cómpre aínda moito máis mar na nosa literatura, moitas máis descubertas. E iso que se fixeron bastantes desde Manoel Antonio e Bernardino Graña. O que pasa é que temos moito mar. Se Risco incluíse no seu texto o noso mar, Galicia seguiría sendo pequena, pero para coñecela, non só habería que andala dun cabo ó outro, de Norte a Sur e de Leste a Oeste, habería tamén que navegala, navegar as rías e mailos ríos, navegar a mariña e mailo mar de fóra.

Pero coa paisaxe hai que ter coidado. Ramón Piñeiro (1959) defendía que os factores «esenciás», así o el dicía, da nosa literatura eran: humor, lirismo e paisaxe. Ollo. O nacionalismo literario esencialista de Piñeiro, o nacionalismo de *volkgeist* e de paisaxe,

modelo alemán, non é o da matriz, non é o de Rosalía nin Pondal. Ese paisaxismo con humor e lirismo non descobre nada, nin en xeografía, nin en literatura. Menos en política. Non hai factores «esenciás» na nosa literatura, hai pulsións e revolución, hai vida e horizontes de mudanza, de máis alá. A literatura galega, e penso que calquera literatura, non se pode definir por esencia.

Pero Ramón Piñeiro non foi seguido, polo menos neste aspecto, por ninguén relevante. Naquel tempo, xa Uxío Novoneyra, máis e mellor que Ánxel Fole, fronte á paisaxe dos diminutivistas franciscanos, descóbrenos con paganismo os escenarios grandiosos do Courel. Poucas terras coma as de esta serra oriental galaica irán para sempre asociadas a un escritor. Cantos de nós acabamos viaxando ó Courel por andarmos antes viaxando polos *Eidos*. Velaí un caso moi exemplar de descuberta empírica do país a través da literatura.

Nesa mesma altura, Álvaro Cunqueiro fixo extraordinarias descubertas do país descubríndonos tamén unha lingua literaria única, que foi modelo de referencia. Non só nos descubriu os feirantes, os menciñeiros e as illas de cristal. Tamén nos descubriu outras caras do país practicamente insólitas: Merlín en Meira, Bretaña, os mares de Simbad... Esa é a outra paisaxe que nos deixou Cunqueiro, o diálogo da literatura galega coa literatura universal, a paisaxe da república galega no contexto da república mundial das paisaxes e das letras.

Da outra banda de Cunqueiro, decisivas foron as descubertas de país que nos fixo Blanco Amor. Co novelista ourensán descubrimos non só a cidade, a cidade de Auria a pé, os barrios e rúas e tabernas de Auria, con Blanco Amor e *A Esmorga* o lector galego, por fin, descubriu a paisaxe do proletariado, dos obreiros como novo suxeito literario e suxeito político. Non os había na paisaxe de Castelao e estaban ridiculizados na de Risco. E, claro, axiña viría a célebre lingua proletaria do meu pobo, como axiña nacería o nacionalismo de esquerdas organizado.

E fronte a Ramón Piñeiro e o seu discurso esencialista, están tamén as descubertas de país feitas pola Nova Narrativa. Espazos alleos e aliados, fuxindo do realismo e do agro galego, espazos fantásticos, oníricos e mesmo psicóticos. De Tains a Times Square. Velaí algunhas das descubertas de país feitas por este grupo. E dentro del non se poden obviar, máis unha vez, as descubertas de país feitas por Méndez Ferrín. Poñamos por caso *Arraianos*, proba que pode considerarse recente de todo o que aínda nos queda por descubrir da nosa xeografía. Pero eu tamén quero aquí pór por caso o da cadea. Ferrín tamén nos descubriu a cadea como espazo noso, moi noso, como espazo literario e como espazo político ou, como diría Foucault, unha *heterotopía*

social. Claro que a cadea de Príncipe de *Bretaña, Esmeraldina* é ben menos habitable que, por exemplo, as Illas Sías. Xa se sabe. A este respecto cómpre observar como nas últimas décadas foi e continúa sendo descuberta esta paisaxe de espazos de resistencia: outras cadeas, San Simón, campos de concentración, espazos de represión e asasinato político, de fuxidos.

Pero tamén, e nomeadamente a partir de 1936, o escritor galego visitou outras paisaxes, outro outro: as paisaxes da emigración e as do exilio. Escritores como Luís Seoane (1952), o Delgado Gurriarán (1963) ou máis modernamente Avilés de Taramancos (1989), un novo Ulises, Ulises Fingal, por pormos só tres exemplos, acharon nas viaxes por outras xeografías espellos diversos de Galicia. O pobo traballador da ponte de Brooklyn, a Galicia infinda dos desertos mexicanos, unha nova crónica das indias, unha nova crónica tamén do imperialismo e da opresión, obxectivo sempre da retina do escritor en galego.

Pero ademais dos Ulises viaxaron tamén as Penélopes, a maioría co fardel de Xohana Torres (1992) ó lombo: «Eu tamén navegar». E polos océanos interiores do propio país, espetados maiormente no outono, navegou María Mariño. Como navegaron de María Xosé Queizán a Olga Novo, de María do Cebreiro a Dores Tembrás, polas paisaxes do discurso crítico, paisaxes abertas desde Rosalía, paisaxes da terra e da palabra, paisaxes que son e non son de aquí.

Porque a descuberta do propio país está tamén na descuberta e na viaxe por outros países. O poeta que nos descubrira o Courel e que ligara o seu nome de Uxío Novoneyra para sempre a unha terra, foi tamén o que cantou Vietnam nos anos sesenta:

entran nas cidades do SUL ESTE lonxe
 e xa todas son a aldeña dó lado
 HUE SAIGON DANANG
 con irmaos e parentes meus
 galegos de a diario
 mais que nono esqueceron como nolo esquecemos
 tanto que ás veces perto chaman home
 e
 ollamos por quén.
 [...]

IRMANDIÑOS DE GALICIA VIETCONG (Novoneyra 2010: 49-50).

E Manuel María, que fixo da Terra Cha unha paisaxe literaria recorrente, cantou despois o seu «Laio e cramar pola Bretaña». Ou ó revés: Méndez Ferrín, que lanzara o seu «Sirventés pola destrución de Occitania», descubriunos aínda hai pouco unha Galicia insospitada na súa viaxe de *Arraianos* (1999).

Finalmente, nos nosos días a literatura galega non deixou de facernos descubertas de país. A tensión entre o doce e o esgrevio de Rosalía e Pondal continúa, permanece e ramifícase deica hoxe con múltiples tensións asociadas. Como a tensión entre a paisaxe rural e maila urbana, a labrega e a obreira, o mínimo e o grandioso, o mar e a montaña. E imos da épica dunha mínima aldeña incógnita, da súa redescuberta, coma *Fisteus* de Lupe Gómez (2001), ou do Vigo de Martín Códax industrial, ó Kreuzberg cruzado pola Deutsche Bahn de Lois Pereiro (1995) nunha contemporánea *Pelerinaxe*, nun novo europeísmo:

Que a vida non me sorprenda xamais
desprevenido calado e neutral
e que un segundo antes de renderme
vaia tamén comigo a imaxe do que fun cando era outro
Fumes de Barakaldo Rentería Sestao
invernías nos corpos desde dentro e ferro húmido
nos aceiros da Ría do Nervión co Ruhr cruzado
nos trens da Deutsche Bahn tocando carne de
Sant Pauli
Kreuzberg con fame de Kebab paseando libres
á sombra do Muro coira vodka e Pogo
demolición alternativa en revolta eficaz (Pereiro 1995: 87).

E é así. Probablemente ningunha outra literatura ten tan forte presenza da paisaxe como a galega. Presenza xa con nomes, con topónimos, en Martín Códax, en Meendiño ou en Airas Nunes. Da Santa María de Reza do ourensán Airas Paes, á Cruña de Manuel Rivas en *Os libros arden mal* (2006), a paisaxe non é ornamento ningún.

Continuamos descubríndonos como nación. O proxecto de devolverlle a dignidade a Galicia, ó que a Literatura Galega se suma non, do que é principal artífice, continúa. E non vai ter fin. Coma no texto de Risco. Así e todo, para min e creo que para todos vostedes, ese camiñar Galicia polos seus vieiros e polas súas páxinas, sen dar acabado nunca, é unha aventura fascinante.

Referencias bibliográficas

- Avilés de Taramancos, A. (1989): *Nova crónica das Indias* (Vigo: Ir Indo).
- Bourdieu, P. (2004): *O campo literario* (Ames: Laiovento).
- Castro, R. de (1998) [1863]: *Cantares gallegos*, edición de X. Rodríguez Baixeras (Vigo: Edicións Xerais de Galicia).
- Delgado Gurriarán, F. (1963): *Galicia infinda* (Vigo: Salnés).
- Fernández Morales, A. (2003) [1861]: *Ensayos poéticos en dialecto berciano*; edición facsímile (Ponferrada: Instituto de Estudios Bercianos).
- Gómez, L. (2001): *Fisteus era un mundo* (Vigo: A Nosa Terra).
- Góngora, L. (1978) [1969]: *Sonetos completos*; edición de B. Ciplijauskaité (Madrid: Castalia).
- González-Millán, X. (1995): «Do nacionalismo literario á literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega», *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1994*, 67-81.
- Guimarães Rosa, J. (1970) [1956]: *Grande Sertão: Veredas* (Rio de Janeiro: José Olympo).
- Jameson, F. (1993) [1986]: «Third-World Literature in an Age of Multinational Capitalism», *A Trabe de Ouro* 13, 11-30.
- López Sáñez, M. (2008): *Paisaxe e nación. A creación discursiva do territorio* (Vigo: Galaxia).
- Méndez Ferrín, X. L. (1999): *Arraianos* (Vigo: Xerais).
- Otero Pedrayo, R. (1993) [1929]: *Pelerinaxes I*; edición facsímile (Sada: Edicións do Castro).
- Otero Pedrayo, R. (2004) [1930]: *Arredor de si* (Vigo: Galaxia).

Novoneyra, U. (2010): *Do Courel a Compostela: 1956-1986* (Vigo: Galaxia).

Pereiro, L. (1995): *Poesía última de amor e enfermidade 1992-1995* (Santiago de Compostela: Edicións Positivas).

Piñeiro, R.: (1974): *Olladas no futuro* (Vigo: Galaxia).

Pondal, E. (1995) [1886]: *Queixumes dos pinos*; edición de M. Ferreiro (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).

Risco, V. (1993) [1929]: «Prólogo», en Otero Pedrayo, R., *Pelerinaxes I*; edición facsímile (Sada: Edicións do Castro).

Rivas, M. (2006): *Os libros arden mal* (Vigo: Xerais).

Sarmiento, M. (1995) [1746]: *Coloquio de vintecatro galegos rústicos*; edición de R. Mariño Paz (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).

Seoane, L. (1952): *Fardel de eisilado* (Buenos Aires: Edicións Ánxel Casal).

Torres, X. (1992): *Tempo de ría* (A Coruña: Espiral Maior).